



SOCIEDAD DE MONTAÑA

**ARTABROS**

# VETERANOS ACTIVOS

**RUTA DE  
CHANTEIRO A ARES (A Coruña)**



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

**VISITA AO MUSEO NAVAL DE FERROL**

**MÉRCORES 10 DE MAIO DE 2023**

## PRESENTACIÓN

Este mércores visitaremos o Museo Naval de Ferrol ás 10:00 horas. O museo atópase dentro da Base Naval, no histórico edificio coñecido como San Campio Presidio, unha construción que responde á idea de Felipe V de mellorar os arsenais e darlle maior importancia á política naval.

Trátase dun edificio barroco-neoclásico cuxas obras remataron no ano 1770. Conta entre os seus fondos con máis de 2.650 pezas relacionadas coa actividade da Mariña, coa súa estreita relación con Ferrol e coa historia naval e marítima de España.

Posúe unha ampla colección de áncoras e entre os modelos de navíos conservados destaca a Santa María Magdalena, con 34 canóns, botada en 1773 en Ferrol. Esta fragata, tras un forte temporal, afundiuse na ría de Viveiro e no naufraxio máis de 500 homes perderon a vida.

## A RUTA

A ruta que imos facer é unha andaina costeira, con vistas permanentes ao mar, polo litoral que vai dende Punta Coitelada ata Punta de Miranda. Gozaremos dunhas vistas impresionantes, veremos os cantís e descubriremos as súas calas e coídos.

Arredor das 12:15 horas, iniciaremos a andaina na ermida da Nosa Señora da Mercé en Chanteiro, parroquia de Cervás, concello de Ares. Unha capela de estilo románico tardío, con elementos góticos. Pertenceu a un convento franciscano durante cen anos ata que en 1392 a congregación trasládase ao novo convento de Santa Catarina de Montefaro. A fachada foi renovada no século XVII.

Distancia: 13 km. Desnivel subida 211 m, baixada 217m

Guía: Carmina

## INSCRICIÓN

Socios: **3€** - Non socios: **5€**. Faránse por correo-e, teléfono, ou nas oficinas do club. Haberá que agardar a confirmación da praza para facer o ingreso,

Nº de conta: **ES25-2080 5565 0030 4000 2362**

Clave para poñer na referencia do ingreso: 71200403

Devolveráse a inscrición cancelada ata unha semana antes da saída, enviando un correo-e para que conste a data, e avisando por teléfono si é posible.

## DATOS DE ÁRTABROS

R/Santa Tareixa,14-baixo. 15002 A CORUÑA

Teléfono: 981 21 31 15. [artabros@artabros.org](mailto:artabros@artabros.org).

Horario. De lúns a xoves de 20 a 22 horas. Vernes de 18 a 20 horas

## HORA E LUGAR DE COLLIDA DO BUS

Sairase as 9 horas do Pavillón de Deportes de Ria-zor, con paradas en Xoan Flórez, Avda.de Alfonso Molina e Carrefour.

A chegada nos mesmos lugares, salvo os que suban en Xoan Flórez, que baixarán en Catro Camiños.

## AS SEGUINTE RUTAS SON:

7 de Maio. Campaña Coñece e Camiña.Taramundi (Asturias)

21 de Maio. Campaña Coñece e Camiña. Bosque de Secoias - Combarro (Pontevedra)

13-15 Xuño. Campaña Veteranos Activos. No incuida na subvención do Concello. Douro Vinhateiro.Peso de Regua (Portugal).

18 Xuño. Coñece e Camiña. Enseño-Valbargos. Noia ( A Coruña.

5 Xullo. Campaña Veteranos Activos. Illa de Sálvora (Pontevedra)

